



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

2025/G010/000007

**NÚMERO 2025/7**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA**  
**CELEBRADA POLO PLENO , O DÍA mércores 28 de maio de 2025**

**Srs./ Sras. Asistentes:**

**Sra. Alcaldesa-Presidenta:**

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

**Sres. Concelleiros:**

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

**Ausentes:**

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Dona Marta M<sup>a</sup> Mouzo Pose (PP)

**Secretaría acumulada:**

Rocío Hermida Cancela

**Interventora Municipal:**

D<sup>a</sup> Emilia García Maneiro

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 19:00 horas do **mércores 28 de maio de 2025** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnense os Sres./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de celebrar sesión Ordinaria, asistidos da secretaria da sesión Rocío Hermida Cancela, de acordo co seguinte:

**ORDE DO DIA**

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2025.**

**2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 14 de abril de 2025.**

**3º. Proposta da Alcaldía: Desestimación do Recurso de reposición interposto en data 16 abril de 2025 contra Aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54.**

**4º. Proposta da Alcaldía: Aprobación da modificación do Regulamento do Cemiterio Municipal de Camariñas.**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

**5º. Proposta da Alcaldía: Solicitude de subvención e aprobación de Memoria da subvención para o financiamento da Mostra do Excaixe 2025.**

**6º. Aprobación da modificación da Ordenanza fiscal n.º 14 da taxa establecida para o Cemiterio Municipal.**

**7º. Expediente de modificación de créditos 9/2025 mediante suplemento de crédito 2/2025.**

**8º. Expediente de modificación de créditos 10/2025 mediante crédito extraordinario 2/2025.**

**9º. Recoñecemento extraxudicial de crédito 5/2025.**

### PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

**10º. Decretos da Alcaldía:**

**Do Decreto Nº 231/2025 do 20 de marzo de 2025 ao Decreto 385/2025 do 20 de maio de 2025.**

**11º. Dación de conta da rendición 1º trimestre 2025:**

**a) Informe do período medio de pago.**

**b) Informe de morosidade.**

**c) Dación de conta do estado de execución trimestral 1º trimestre 2025.**

**12º. Dación de conta do Resume dos reparos e expedientes de omisión de fiscalización do exercicio 2024.**

**13º. Dación de conta do Informe resume ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local no Concello de Camariñas, exercicio 2024 .**

**14º. Mocións de urxencia:**

**a) Moción do BNG para a cesión de parcelas municipais de solo urbano, urbanizable e edificios que precisan ser rehabilitadas ao instituto galego de vivenda e solo co obxectivo de crear vivenda de promoción pública na costa da morte.**

**15º. Rogos e preguntas.**

Procédese a tratar os asuntos:

**1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2025.**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 11**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: Unanimidade.**

**Estado: Aprobada**

**2º. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 14 de abril de 2025.**

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 11**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: Unanimidade.**

**Estado: Aprobada**

**3º. Proposta da Alcaldía: Desestimación do Recurso de reposición interposto en data 16 abril de 2025 contra Aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54.**

Considerando o seguinte:

**“DITAME**

**Co seguinte desglose de votacións:**

**Votos a favor:**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG**
- 4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**Votos en contra:**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

**0 GRUPO MIXTO - BNG**  
**0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**  
**0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**Abstenciones:**

**0 GRUPO MIXTO - BNG**  
**0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**  
**2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21 de maio de 2025 acordou a emisión do seguinte ditame:**

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Desestimación do Recurso de reposición interposto en data 16 abril de 2025 contra Aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54.

**EXPEDIENTE Nº** 2024/E004/000001.

**ÓRGANO RESOLUTOR:** PLENO DA CORPORACIÓN

**ANTECEDENTES DE RELEVANCIA**

- Acordo do Pleno do Concello de Camariñas, en sesión celebrada o día 5 de febreiro de 2025, polo que se aproba inicialmente a Modificación puntual da RPT.
- Aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54.
- Recurso reposición interposto por D<sup>a</sup> CRISTINA PEDROSA LEIS en nome e representación do COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA en data 16 abril de 2025.
- Informe o recurso de reposición emitido por JL Tudo Consulting en data 8 de maio de 2025.

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado para o ano 2024.

**Resultando** que a Aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas foi publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

**Considerando** o Recurso reposición interposto por D<sup>a</sup> CRISTINA PEDROSA LEIS en nome e representación do COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA en data 16 abril de 2025, que solicita:

*“(…) SOLICITA AO CONCELLO DE CAMARIÑAS que, tendo por presentado este escrito en tempo e forma, se teña por interposto RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra a aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54, e, na súa virtude, se anule e deixe sen efecto a resolución recorrida e se acorde exixir como titulación académica necesaria para o posto de Técnico/a Deportivo/a a titulación universitaria de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente.(…)”.*

**Visto** o informe emitido por JL Tudo Consulting en data 8 de maio de 2025, que literalmente se transcribe:

“A los efectos de atender al recurso potestativo de reposición presentado por el colexio oficial de licenciados en educación física e ciencias da actividade física e do deporte de galicia (COLEF) a la modificación puntual de la Relación de Puestos de Trabajo (RPT) del Ayuntamiento de Camariñas, se nos solicita la elaboración de este informe.

El recurso presentado hace referencia al puesto 7103 - TÉCNICO/A DEPORTIVO/A. El COLEF reitera las cuestiones planteadas sobre este puesto de trabajo en las alegaciones presentadas durante el período de exposición al público, por lo que no podemos más que reafirmarnos en lo informado en ese momento. El puesto de trabajo objeto del recurso potestativo de reposición fue definido, con sus características actuales de código, funciones, grupo de clasificación, etc. en la RPT vigente, aprobada en el año 2022.

La única característica de este puesto de trabajo que ha sido variada en la modificación puntual objeto del recurso potestativo de reposición es la denominación del puesto de trabajo, sin mutar ninguna del resto de características y en concreto la titulación de acceso.

El apartado 1 del artículo 72 de la referida por el alegante Ley 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia, indica lo siguiente:

*1. Para la realización de servicios de enseñanza, dirección, gestión, entrenamiento, animación y cualquier otro relacionado con el deporte, los poderes públicos autonómicos exigirán la posesión del correspondiente título oficial de la familia de las actividades físicas y deportivas, o bien las cualificaciones profesionales o los certificados de profesionalidad expedidos por la propia Administración autonómica.*

En ningún punto de dicho artículo se hace referencia al grupo de clasificación del puesto de trabajo, dejando incluso abierta la posibilidad de realización de dichos servicios por personal no titulado pero que cuente con la correspondiente cualificación profesional o certificado de profesionalidad. Entendemos que, por tanto, un puesto de trabajo de estas características podría haber sido clasificado en el grupo B o, incluso, en el C; siempre y cuando el ocupante del mismo se encuentre en posesión de la correspondiente cualificación profesional o certificado de profesionalidad.

El Pleno municipal ha decidido clasificar este puesto de trabajo en el grupo A, subgrupo A2 o, tratándose de un puesto no reservado a personal funcionario, en el grupo laboral II.

No podemos dejar de lado la cuestión de que estamos hablando de una RPT, no del ocupante del puesto de trabajo definido en la misma.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

2025/G010/000007

Por otro lado, el artículo 76 del R.D. Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (TREBEP) establece el siguiente literal para este grupo:

*Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.*

*Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado.*

En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta. La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.

Este artículo del TREBEP indica, por tanto, un nivel formativo genérico universitario de grado, sin definir titulaciones específicas, que habrán de ser determinadas, en cada momento, por cada Administración Pública en función de su autonomía organizativa.

Asimismo, en la disposición transitoria tercera del TREBEP se recoge la equiparación de los subgrupos con los previamente vigentes, integrando en el A2 el anterior grupo B, para el que se exigía un nivel de formación genérico de diplomado universitario.

Es por ello que el nivel de formación exigido en la RPT se sitúa en diplomatura/grado universitario.

Esta titulación genérica es la definida en la RPT como nivel formativo de clasificación del puesto de trabajo, utilizado también como base para el sistema de valoración del puesto de trabajo y dejando a las bases específicas de la correspondiente Oferta Pública de Empleo (OPE) la concreción de la especialización, cualificación profesional o certificado de profesionalidad de la persona que acceda al puesto de trabajo, cuando sea el caso.

Entendemos, por tanto, que este recurso potestativo de reposición debe ser rechazado.”

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN** (previo Ditame da Comisión Informativa) a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- Desestimar** o Recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup> CRISTINA PEDROSA LEIS en nome e representación do COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA, en data 16 abril de 2025 contra a Aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Camariñas publicada en data 20 de marzo de 2025 no BOP da Coruña, núm. 54 (aprobada inicialmente polo pleno da Corporación en data 5 de febreiro de 2025), baseando dita desestimación no informe que obra na parte expositiva do presente Proposta.

**SEGUNDO- Notificar** o presente acordo, coa indicación expresa de que contra o mesmo, en aplicación do artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

Asinado dixitalmente o marxe.  
Alcaldesa do Concello de Camariñas:  
D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial.

Camariñas, venres 23 de maio de 2025  
A presidencia,  
Asdo: FABIAN CANOSA PASANTES

### -----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa di que volve a ser o mesmo interpoñen recurso contra a RPT en base a titulación que insisten en Ciencias da Actividade Física e do Deporte o que consta informe emitido polo redactor da RPT e di que o único que cambiamos foi a denominación logo se mirarán os requisitos para acceder, por iso imos a desestimar en base o informe de TUDO. Sra Mouzo di que pouco ten que dicir e o Sr Rodríguez di que repite o da comisión que o título non é habilitante para exercer.

### -----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

**Votos a favor: 8**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Abstencións: 3**

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: maioría absoluta.**  
**Estado da Proposta: Aprobada.**

**4º. Proposta da Alcaldía: Aprobación da modificación do Regulamento do Cemiterio Municipal de Camariñas.**

Considerando o seguinte:

**“DITAME**

**Co seguinte desglose de votacións:**

**Votos a favor:**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG**
- 4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**Votos en contra:**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

**0 GRUPO MIXTO - BNG**  
**0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**  
**0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**Abstenciones:**

**0 GRUPO MIXTO - BNG**  
**0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**  
**2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21 de maio de 2025 acordou a emisión do seguinte ditame:**

### “PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Aprobación do Regulamento do Cemiterio Municipal de Camariñas.

**Expediente Nº:** 2025/G013/000001

Sandra Insua Rial, alcaldesa do Concello de Camariñas, visto o expediente tramitado ao efecto, consecuencia da necesidade de adecuar a normativa vixente o actual Regulamento publicado no BOP Nº 19 de data 25 de xaneiro de 2000, así como o informe preceptivo obrante no mesmo e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO. Aprobar inicialmente** o Regulamento do Cemiterio Municipal de Camariñas, coa redacción que a continuación se recolle:

#### “REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

##### TÍTULO PRELIMINAR

##### DISPOSICIÓNS XERAIS.

##### Artigo 1. Obxecto do regulamento.

O presente regulamento ten por obxecto regular as condicións e exercicio das competencias recollidas nos artigos 25.2 k) e 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en relación co cemiterio municipal, de acordo co previsto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia (DECRETO 129/2023, de 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia), e demais normativa aplicable, modificando o existente e vixente a día de hoxe publicado no BOP Nº 19 de data 25.01.2000.

Neste Regulamento recóllense as condicións de uso e de concesión de nichos, panteóns, mausoleos e columbarios do cemiterio municipal propiedade do Concello de Camariñas.

Ademais do contido no presente Regulamento, serán de aplicación ao réxime de uso do cemiterio municipal as disposicións do Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia, así como todas aquelas normas, tanto estatais como autonómicas, que rexan a materia de cemiterios e servizos funerarios.

Os aspectos económicos sobre o uso do cemiterio regularanse polas ordenanzas vixentes en cada momento.

##### TÍTULO PRIMEIRO. DAS INSTALACIÓNS E USO

##### Artigo 2. Das instalación do cemiterio municipal.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

Son instalacións do cemiterio municipal de Camariñas o conxunto de unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) así como os elementos e edificacións accesorias (puntos de recollida de lixo, puntos de auga, baños, sala de autopsias, oficinas, capela e almacéns de usos varios).

### **Artigo 3. Definicións.**

Para efectos identificativos, denominarase:

Nicho: Unidade de enterramento construída en edificación.

Panteón: Conxunto de unidades de enterramento.

Mausoleo: Edificación onde se atopan diferentes unidades de enterramento.

Columbario: Unidade para depósito de urnas de cinzas resultantes da cremación ou para depósito de ósos.

Os nichos, panteóns e columbarios serán identificados con unha serie de números e letras, describindo así a súa ubicación.

Os/as concesionarios/as quedan obrigados a aceptar o número que lles corresponda.

### **Artigo 4. Normas xerais de uso das instalacións do cemiterio.**

O Concello velará polo mantemento da orde e o respecto adecuado á función do cemiterio, mediante o cumprimento das seguintes normas:

a) Fíxase como horario de apertura ao público, en inverno de 09:00 a 19:00 horas e no verán, de 09:00 a 21:00 horas, horario que poderá ser modificado por resolución da Alcaldía, a fin de conseguir unha mellor prestación dos servizos en concordancia coas esixencias técnicas, índice de mortalidade ou calquera outra circunstancia que racionalmente aconselle a súa modificación. Os horarios de apertura e peche colocaranse nun lugar visible. O horario de inverno comeza o 31 de outubro e o de verán o 31 de marzo.

b) Os/as visitantes deberán comportarse de forma respectuosa; no caso contrario, poderán adoptarse as medidas oportunas para desaloxar do recinto a aquelas persoas que incumprisen este precepto, sen prexuízo das sancións que puidesen impoñérselles.

c) Prohíbese a venda ambulante e a realización de calquera tipo de propaganda no interior do recinto do cemiterio.

d) Con fin de preservar o dereito á intimidade e á propia imaxe dos usuarios/as, non se poderán obter fotografías, debuxos, nin filmacións das dependencias e instalacións do cemiterio. As vistas xerais ou parciais do cemiterio esixirán a autorización previa do Concello, a través dunha resolución da Alcaldía.

e) O Concello realizará, dentro das súas posibilidades, unha vixilancia xeral do recinto do cemiterio, se ben non se responsabiliza dos roubos ou das deterioracións que poidan ter lugar nas unidades de enterramento.

f) Só se realizarán inhumacións ata media hora antes da correspondente ao peche das instalacións.

g) A entrada de materiais para a execución de obras realizarase unicamente durante o horario que fixa con esta finalidade o Concello de Camariñas. As obras que sexan realizadas por particulares deberán executarse durante o horario de apertura ao público e deberán contar coas correspondentes licenzas ou autorizacións.

h) Os labores de limpeza, mantemento ou ornato das unidades de enterramento deberán realizarse exclusivamente no horario que para tal efecto estableza o Concello. Concluídas as citadas actividades, o espazo intervindo e a súa contorna deberán quedar nas debidas condicións de limpeza e ornato, e, no menor espazo de tempo posible, deberán retirarse os entullos, desperdicios e material de traballo empregado.

i) Prohíbese realizar dentro do cemiterio, operacións de serra de pezas ou mármore, así como de despezamento, fabricación de formigón ou outros similares. Cando por circunstancias especiais se precise facelo, deberá solicitarse autorización. Esta autorización resolverase mediante resolución da Alcaldía e nela designarase, para estes efectos, un lugar e un horario concreto.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

k) Fora do horario de apertura queda expresamente prohibido levar a cabo inhumacións e realizar calquera tipo de traballos dentro do recinto do cemiterio, salvo casos excepcionais, debidamente xustificados e autorizados por resolución da Alcaldía.

l) Non se permitirá a entrada no cemiterio de vehículos, salvo os expresamente autorizados, nin de bicicletas e motocicletas. Os vehículos, bicicletas e motocicletas quedarán no aparcadoiro.

m) As lápidas, cruces, alzados, etc que se coloquen en nichos, panteóns e columbarios, pertencen aos seus concesionarios. O seu arranxo e conservación será por conta dos concesionarios e estes estarán obrigados a mantelos no estado de decoro que require o lugar.

n) As obras de inscricións funerarias deberán estar en consonancia co respecto debido á función do recinto e deberán contar coa preceptiva autorización.

ñ) Queda prohibido, salvo autorización especial do Concello, o acceso aos osarios xerais, así como a cantas dependencias ou instalacións estean reservadas ao persoal autorizado.

o) A conservación e o mantemento das unidades de enterramento concedidas correrán a cargo das persoas concesionarias.

### **Artigo 5. Liberdade de culto.**

Non existirá discriminación ningunha á hora dos enterramentos por razóns de relixión. Non se reservará ningunha zona de carácter especial para enterramentos que poida supoñer discriminación.

Os servizos relixiosos no cemiterio serán prestados en virtude do principio constitucional de liberdade de culto, de acordo cos ritos das confesións existentes, sen máis limitacións que o respecto debido ás demais crenzas relixiosas e de mantemento da orde pública.

### **Artigo 6. Obrigas dos/as usuarios/as.**

Todos/as os/as usuarios/as do cemiterio municipal teñen o deber de utilizar as instalacións conforme ao establecido no presente Regulamento.

As empresas e profesionais que exerzan actividades construtivas, funerarias ou de calquera outro tipo, a instancia dos titulares de dereitos funerarios, nas instalacións do cemiterio, ademais, deberán de contar, por un lado, coas preceptivas autorizacións administrativas para o exercicio da súa actividade e, por outro lado, coas licenzas de obra ou actividade, de inhumación ou exhumación, ou calquera outra regulada neste regulamento ou na lexislación sectorial, respecto de cada unha das actuacións que realicen nas distintas unidades de enterramento.

## **TÍTULO SEGUNDO. DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA USO PRIVATIVO DE NICHOS E PANTEÓN E DO DEREITO FUNERARIO**

### **Artigo 7. Constitución do dereito funerario.**

A ocupación de cada nicho, mausoleo, panteón ou columbario conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante e do pagamento das taxas previstas na correspondente ordenanza fiscal.

O dereito funerario xorde tralo pago da taxa pola concesión administrativa, outorgada polo Concello. Esta concesión, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, así como no artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de bens das entidades locais.

En todo caso, os nichos, mausoleos, panteóns e columbarios seguirán sendo de titularidade e propiedade do Concello de Camariñas, polo tanto, non poderán ser obxecto de compravenda, permuta, nin transacción de ningunha clase sen a preceptiva autorización municipal e con arranxo á normativa vixente.

Quedan excluídos do réxime xeral de concesión os enterramentos gratuítos que se realicen en cumprimento da lexislación vixente.

### **Artigo 8. Duración do dereito funerario.**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

As concesións administrativas demaniais de nichos, mausoleos, panteóns e columbarios terán (unha duración máxima de 75 anos). A renovación da concesión deberá ser solicitada con un mes de antelación á data de finalización da concesión e levará consigo o pago das taxas actualizadas nese momento.

A inhumación en unidades de enterramento reservadas polo Concello para casos de emerxencia social non dará lugar en ningún caso ao nacemento ou outorgamento de dereito funerario a favor dos familiares do/a falecido/a das ditas unidades de enterramento.

### **Artigo 9. Inscripción e rexistro do dereito funerario.**

O Concello levará un rexistro electrónico de todas as concesións e as súas vicisitudes, das unidades de enterramento e das operacións e incidencias que lles afecten, que incluírá, como mínimo, un rexistro de nichos, mausoleos, panteóns e columbarios, un rexistro de inhumacións, de exhumacións e traslados, así como un rexistro de saída de comunicacións e, se é o caso, os demais esixidos pola normativa aplicable.

A concesión poderá ser obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade de conformidade co disposto na lexislación aplicable. Prohíbese o gravame do dereito funerario con calquera clase de dereito real (en particular hipoteca) ou persoal, así como a súa división.

O dereito funerario das unidades de enterramento nace co pagamento do acto administrativo da concesión e quedará garantido mediante a inscrición no libro de rexistro do cemiterio e a expedición do título nominativo.

O dereito funerario rexistrarase a nome persoal e individual do propio petionario ou daquela persoa ou persoas que se indiquen na solicitude, constando sempre os datos persoais suficientes de todas as persoas afectadas pola concesión.

### **Artigo 10. Dereito dos titulares do dereito funerario.**

Os titulares do dereito funerario terán os seguintes dereitos:

a) A conservación de cadáveres, restos cadavéricos ou cinzas nos nichos, mausoleos, panteóns ou columbarios durante o tempo de duración da concesión, de acordo co disposto na normativa municipal, na lexislación sobre policía sanitaria mortuoria e demais normativa aplicable.

b) A ordenación das inhumacións, exhumacións, redución de restos e outras prestacións que deban efectuarse no nicho, tumba, panteón ou columbario adxudicado.

c) A esixir a prestación dos servizos de inhumación, exhumación, traslado e demais postos á súa disposición polo Concello, coa dilixencia, profesionalidade e respecto esixidos.

d) A esixir a adecuada conservación, limpeza xeral do recinto e coidado de zonas xerais axardinadas.

e) A formular ante o Concello cantas reclamacións estime oportunas.

### **Artigo 11. Obrigas dos titulares do dereito funerario.**

Os concesionarios/as terán as seguintes obrigas:

a) Ter a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria o título xustificativo do seu dereito, que lles será facilitado polo Concello no momento da concesión.

b) Satisfacer a contía das taxas e prezos que se establecen nas correspondentes ordenanzas.

c) Satisfacer calquera gasto ou atributo que sexa legal ou regulamentariamente esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

d) Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado.

e) Coidar de que as unidades concedidas e os seus espazos lindeiros se atopen en todo momento en bo estado, limpos e libres de obstáculos e residuos, limitando a colocación de elementos ornamentais ao espazo físico asignado.

f) Facilitar os datos e comprobacións que lles sexan solicitados pola Administración ou servizos sanitarios.

g) Dispor das autorizacións necesarias para a inhumación, exhumación, redución de restos ou traslado de cadáveres e demais restos cadavéricos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

h) Observar, en todo momento, un comportamento adecuado, acorde co recollido no artigo 4 do presente Regulamento.

i) Depositar o lixo e os residuos nos recipientes previstos a tal fin.

k) Cumprir cantas outras obrigas resulten deste regulamento, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demais disposicións legais que sexan de aplicación, especialmente en materia de sanidade mortuoria.

### **Artigo 12. Adxudicación do dereito funerario.**

Poderán optar á adxudicación do dereito funerario sobre nichos, panteóns e columbarios, exclusivamente ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Plena capacidade de obrar.

b) Non estar incurso en ningunha das circunstancias recollidas na lexislación contractual como prohibitivas para contratar co sector público.

c) Cumprir as limitacións e requisitos establecidos neste Regulamento e demais normativa que, se é o caso, resulten aplicables.

Consideraranse nulos e sen efecto ningún calquera acordo, disposición testamentaria, pacto ou contrato que sexa contrario ás disposicións do presente Regulamento.

En ningún caso poderá rexistrarse o dereito funerario a nome de persoas xurídicas nin de compañías de seguros, de previsión ou calquera outra similar que, exclusivamente como complemento doutros riscos, garantan aos seus afiliados o dereito a sepultura para o día do seu falecemento. As devanditas compañías unicamente poderán obrigarse a proporcionar ao asegurado o capital necesario para obtela.

### **Artigo 13. Procedemento de outorgamento do dereito funerario.**

O expediente administrativo de concesión do dereito funerario tramitarase ao abeiro da normativa básica reguladora en materia de patrimonio, da lexislación sectorial e, en todo caso, de conformidade cos principios de libre concorrencia, publicidade e demais principios establecidos na lexislación aplicable.

Excepcionalmente, poderase outorgar directamente a concesión nos termos previstos nos art. 93 e 137 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

### **Artigo 14. Causas de extinción do dereito funerario.**

O dereito funerario extinguirase:

a) Por morte do/a titular do dereito funerario ou perda da capacidade de obrar, sen que a comunidade hereditaria regularice a situación administrativa nun prazo de 5 anos.

b) Falta de autorización previa do Concello, nos supostos de transmisión ou modificación.

c) Incorrer nalgunha das causas de prohibición previstas para contratar na lexislación de contratación do sector público.

d) Expiración do prazo da concesión, sen que esta fose renovada no prazo máximo de 5 anos. De non renovarse a concesión, requirirase á titularidade para que proceda ao traslado dos restos aos osarios ou columbarios especiais ou outros lugares que permita a lexislación sectorial.

e) Rescate da concesión, tras a indemnización previa.

f) Por renuncia expresa dos titulares do dereito, tras a aceptación previa do Concello. A renuncia non dará dereito en ningún caso á devolución total ou parcial do canon satisfeito ou calquera outro tributo ou gasto satisfeito en razón á titularidade do dito dereito ao que se renuncia e non implicará a extinción das obrigas tributarias xeradas con anterioridade, así como de calquera outra clase de obriga recollida neste Regulamento.

g) Por sanción por incumprimento moi grave das obrigas do titular do dereito, de conformidade co disposto no título cuarto do presente Regulamento.

h) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento, ao que se asimilará a declaración de ruína.

i) Por abandono da unidade de enterramento. Para todas as concesións de unidades de enterramento, transcorrido un ano ou, se é o caso, o tempo que reste de concesión, desde o enterramento ou falecemento do titular do dereito funerario sen que os beneficiarios favorecidos ou herdeiros insten a transmisión do dereito, o Concello incoará e resolverá o

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

expediente de extinción do dereito funerario. Cando iniciado este expediente se solicite a dita transmisión, cursaráselle ao/á peticionario/a, co correspondente aboamento dos dereitos económicos que no seu caso se establezan. Para iso o Concello publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, na páxina web, no Boletín Oficial da Provincia, a apertura dun prazo de seis meses para que quen se considere con dereito poida exercer o seu dereito de transmisión da titularidade. Se no dito prazo, contado a partir da última publicación, non se formulase solicitude por ningún, extinguirase a concesión, tras a resolución previa da Alcaldía neste sentido.

k) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexa a concesión, e demais previstas pola normativa aplicable.

### **Artigo 15. Extravío do título de dereito funerario**

A perda dun título dará dereito á expedición dun duplicado a favor do titular. Os erros de nomes, apelidos ou calquera outro dato nos títulos rectificaranse a instancia da persoa titular, logo da xustificación e comprobación correspondente.

Cando, polo uso ou calquera outro motivo, un título sufrise deterioración, poderase cambiar por outro igual ao nome da mesma persoa titular.

### **Artigo 16. Do contido do dereito funerario.**

O dereito funerario atribúe ao seu titular os dereitos e obrigas que se recollen no articulado do presente Regulamento e, en concreto, o uso das unidades de enterramento asignadas para a inhumación, exhumación e conservación de cadáveres, restos cadavéricos ou cinzas durante o tempo fixado na concesión, e de acordo co contido do dereito concedido.

O Concello recoñecerá a prol de particulares o dereito de usar un nicho, tumba, panteón ou columbario previamente construído polo Concello para a inhumación do titular, no seu día, a dos seus familiares e a das persoas que designe.

O dereito funerario, tal e como recoñecen os artigos anteriores, limítase ao uso das correspondentes construcións e queda suxeito ás disposicións do presente Regulamento e ás súas modificacións.

### **Artigo 17. Esgotamento da capacidade do cemiterio.**

Cando por esgotamento da capacidade do cemiterio, o número de unidades de enterramento fose escaso, limitarase o outorgamento de concesións ata que non se amplíe o recinto.

### **Artigo 18. Transmisión da concesión.**

O dereito funerario será transmisíbel por actos intervivos, previo pagamento das taxas oportunas e co trámite administrativo correspondente, non recoñecéndose nova titularidade sobre a concesión administrativa sen a previa autorización do Concello de Camariñas.

A transmisión do dereito funerario poderá realizarse tamén por actos «mortis causa», igualmente coa acreditación documental suficiente dos lexítimos dereitos hereditarios das persoas que ostenten a nova concesión, requiríndose igualmente resolución favorable do Concello.

A transmisión «mortis causa» do dereito funerario rexeráse polas normas establecidas na lexislación civil para as sucesións, considerándose beneficiario a quen corresponda por sucesión testada ou intestada.

A transmisión non alterará o prazo máximo de duración da concesión.

O cambio de titularidade farase sen prexuízo de terceiro con mellor dereito e só terá efectos administrativos internos, sen prexulgar ningunha cuestión de carácter civil.

### **Artigo 19. Limitacións da transmisión do dereito funerario.**

Toda transmisión de dereito funerario deberá ser feita a favor dunha ou varias persoas aptas para ser titular de dereitos funerarios, segundo este Regulamento, sen división en cotas e pura e incondicionalmente.

Os beneficiarios ou herdeiros, no seu caso, deberán solicitar a transmisión da titularidade da concesión ao Concello no prazo máximo de cinco anos desde o falecemento do titular,

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

acompañando o título da unidade de enterramento e os documentos xustificativos do seu dereito.

### **Artigo 20. Documentación a achegar para a tramitación da transmisión.**

- a) Certificado do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade emitido polo Ministerio de Xustiza.
- b) No caso de sucesión testada, copia compulsada de testamento, debidamente protocolado no se é o caso, así como copia da aceptación ou partición da herdanza de ser o caso.
- c) No caso de sucesión intestada, certificado do Rexistro Civil ou copia compulsada do libro de familia que acredite o grao de parentesco co causante ou ben copia da acreditación notarial/xudicial de herdeiros.
- d) DNI das persoas beneficiarias.
- e) No caso de ser varios titulares, nomeamento de representante ante o Concello.
- f) Acreditación do pago das taxas establecidas polo Concello, se é o caso.
- g) Calquera outra solicitada polos servizos do Concello necesaria para aclarar a titularidade dos dereitos.

En defecto ou imposibilidade de obtención de algún dos documentos anteditos, a solicitude acompañarase dunha declaración xurada da parte solicitante, na que se acrediten as circunstancias correspondentes, e o Concello de Camariñas resolverá o que considere oportuno.

## **TÍTULO TERCEIRO. DAS INHUMACIÓNS E DA EXHUMACIÓNS**

### **Artigo 21. Inicio do procedemento**

A inhumación e exhumación de cadáveres, restos humanos e restos cadavéricos farase de conformidade co disposto na lexislación sectorial.

O procedemento iniciarase a instancia de:

- a) Os titulares ou os familiares de dereitos funerarios, nas unidades de enterramento obxecto da concesión, tras a solicitude previa e a obtención dos permisos e licenzas regulados neste regulamento.
- b) De oficio naquelas unidades de enterramento reservadas para casos de emerxencia social, ou no caso de extinción dos dereitos funerarios existentes.
- c) Por orde da autoridade xudicial ou a administración sanitaria competente.

### **Artigo 22. Deberes das empresas funerarias**

Aquelas empresas e profesionais que exerzan as actividades funerarias previstas neste título están obrigadas a asegurarse de dispor de todos os permisos e licenzas previstos, neste Regulamento así coma na lexislación sectorial, incluíndo:

- a) O selado dos nichos, mausoleos, panteóns e columbarios con materiais axeitados, e a colocación das lápidas.
- b) A retirada de todos os materiais de construción sobrantes utilizados nas operacións previstas neste título.

### **Artigo 23. Solicitude de inhumación**

A toda solicitude de inhumación haberá de acompañarse, polo menos, a seguinte documentación:

- a) Petición de inhumación, no seu caso asinada por un titular de dereito funerario da unidade de enterramento ou o seu herdeiro, ou a correspondente orde xudicial ou da Administración sanitaria competente.
- b) A licenza de enterramento expedida polo Rexistro Civil ou autoridade xudicial competente.
- c) No seu caso, o título do dereito funerario, ou a indicación da data da súa concesión e a localización da unidade de enterramento.
- d) A acreditación do aboamento das taxas que, se é o caso, se xeren a favor do Concello de Camariñas, pola correspondente ordenanza fiscal.
- e) O resto da documentación que sexa esixida de acordo coa normativa de policía sanitaria e mortuoria.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

f) Cando se trate de cinzas, ademais da documentación antes citada, acompañarase o correspondente certificado da incineración.

Na orde sanitaria, os restos humanos só requirirán para a súa condución, traslado, inhumación ou cremación un certificado médico que acredite a causa e a procedencia de tales restos, ademais da licenza de inhumación antedita.

As empresas de servizos funerarios que interveñan en xestións, solicitudes e autorizacións, entenderase que actúan en calidade de representante do titular do dereito funerario, vinculando a este e producindo todos os seus efectos calquera solicitude ou consentimento que por aquelas se formule.

### **Artigo 24. Comunicación previa para inhumacións.**

As inhumacións requirirán de previa comunicación ao Concello de Camariñas e deberán conter como mínimo:

- a) Nome e apelidos da persoa que se vai inhumar.
- b) Idade, domicilio e data de defunción.
- c) Lugar de inhumación, coa consignación específica da unidade de enterramento onde debe ser inhumada.

A comunicación de inhumación deberá presentarse no cemiterio xunto ao cadáver ou restos cadavéricos. A ausencia desta suporá o depósito dos cadáveres ou dos restos cadavéricos nas instalacións do cemiterio ata que se obteña esta.

### **Artigo 25. Inhumacións en unidades de enterramento de titularidade municipal.**

Nas unidades de enterramento de titularidade municipal que non teñen sido obxecto de concesión, terán lugar as inhumacións previstas na lexislación sectorial, así como as que procedan, previo informe dos servizos sociais do Concello.

Logo de transcorrer o período mínimo esixido pola lexislación sectorial sanitaria para proceder á exhumación, os restos poderán ser reinhumados no osario xeral.

### **Artigo 26. Requisitos das exhumacións de cadáveres.**

Para a exhumación dun cadáver ou de restos cadavéricos, deberá transcorrer o prazo mínimo sinalado na lexislación vixente en materia sanitaria, salvo nos casos en que se produza intervención xudicial.

Deberase comunicar ao Concello de Camariñas a realización de toda exhumación de cadáveres ou restos cadavéricos que se realice, a cal conterá os mesmos datos esixidos para a comunicación de inhumación.

Xunto coa comunicación acompañarase, necesariamente:

- a) Acreditación do título do dereito funerario do solicitante, no seu caso.
- b) Autorización do titular do dereito funerario da unidade de enterramento na que se vai proceder á súa reinhumación, no caso de que se faga no mesmo cemiterio.
- c) Autorización de exhumación outorgada polo Servizo Territorial da Xunta de Galicia con competencias en materia de sanidade.

### **Procédese a votación do punto 1 da Moción dado que o punto 2 é retirado por carecer de contido**

### -----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación **o PUNTO 1 DA MOCIÓN** co seguinte resultado:

Votacións:

#### **Votos a favor: 11**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: unanimidade.**

**Estado da Moción (punto 1): Aprobada.**

### **b) MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O FINANCIAMENTO DO SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA**

### **Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidades dos membro presentes na sesión plenaria (11)**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

Sra Mouzo procede a lectura da Moción:

“O Grupo Municipal Popular de Camariñas conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea é a rexión máis envellecida do mundo, e a tendencia actual apunta a que cada vez o será máis. Dentro dela, hai varias rexións nas que se agudiza especialmente esta situación, unha é Galicia, onde as persoas maiores de 65 anos xa representan máis dunha cuarta parte do total da poboación.

Como é lóxico, este envellecemento poboacional tradúcese nun incremento da cidadanía en idade dependente, que necesita e demanda asistencia para realizar actividades básicas da vida cotiá. A atención a este colectivo de poboación convértese nun reto para todos os poderes públicos e require dunha resposta firme e adaptada ao modelo actual da nosa sociedade.

Para dar resposta a esta situación aprobouse, cunha ampla maioría, a Lei estatal 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que xurde co obxectivo de regular as condicións para garantir a igualdade no exercicio do dereito dos cidadáns á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas.

Este é o marco normativo aprobado hai preto de vinte anos no que se recollen os dereitos dos cidadáns, pero tamén os deberes de todas as administracións implicadas. Dúas décadas despois da aprobación da coñecida como Lei da Dependencia, o sistema segue tendo certas eivas que están lonxe de corrixiarse. A principal, ten que ver co problema estrutural de financiamento que Galicia leva denunciando desde hai moitos anos.

A Lei fixa que o gasto dos servizos e prestacións debe asumirse ao 50% entre as Comunidades Autónomas e a Administración Xeral do Estado, algo que nunca sucedeu e que actualmente segue sen corrixiarse.

O crecente esforzo inversor por parte da Administración autonómica, e tamén da local, para atender ás súas veciñas e veciños, non ten a mesma correspondencia por parte do Goberno central. Deste xeito o recoñece o propio Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 na Memoria de análise do marco normativo de la Ley de Dependencia:

*“... La financiación originalmente planteada por la Memoria de la Ley de Dependencia no se alcanzó, ni en términos absolutos, ni en términos relativos al cumplimiento del objetivo de financiación del 50%”.*

Esta é unha cita literal dun documento presentado ás comunidades autónomas a comezos de marzo no Pleno do Consejo Territorial de Servicios Sociales y Dependencia. É dicir, o Goberno central recoñece que non achega o que debe achegar por Lei. Iso vai en detrimento dos servizos que reciben os veciños e prexudica directamente ás arcas municipais e autonómicas.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

A pesar diso, é preciso salientar os avances que se produciron na nosa comunidade. Así, tal e como reflicten os datos publicados polo IMSERSO, Galicia rexistra unha evolución positiva neste ámbito e na actualidade máis de 77.000 persoas que teñen a súa dependencia recoñecida, reciben un servizo ou prestación. Esta cifra sitúa á nosa Comunidade cunha ratio de atención do 98,46%, unha das máis elevadas de España e 6 puntos por encima da media nacional.

De feito, nos últimos 15 anos o número de persoas dependentes atendidas na nosa comunidade multiplicouse por cinco. Cada ano a Administración autonómica aumenta o seu orzamento en materia de dependencia para poder seguir ofrecendo servizos aos galegos que o precisen.

É importante poñer en valor estes datos, sabendo que Galicia é unha das comunidades líderes grazas ao esforzo que fai a Xunta de Galicia e tamén os concellos.

Xa debullando os datos económicos, este ano Galicia inviste no eido da dependencia máis de 700 millóns de euros, dos que preto do 70% proceden das propias arcas autonómicas mentres que a Administración Xeral do Estado faise cargo da parte restante, moito menor. Polo tanto, o que se observa é unha balanza moi desequilibrada que repercute directamente nos servizos e prestacións que reciben os galegos e un incumprimento incontestable do establecido na lei estatal.

No caso concreto da nosa Comunidade Autónoma, as achegas ao sistema de atención á dependencia por parte do Goberno central redúcense dun ano a outro, ao pasar do 40% en 2023 ao 34,9% en 2024, o que provoca que a débeda acumulada coa nosa Comunidade nesta materia supere os 2.500M€.

É moi significativa esta baixada tendo en conta que hai só un ano, antes das eleccións autonómicas o ministro, Pablo Bustinduy, dixo nunha entrevista dun medio de comunicación galego que o obxectivo era asumir o 50% do gasto da dependencia en Galicia. Só un ano despois, lonxe de incrementar os apoios estatais o que vemos é unha baixada nesa porcentaxe que debía subir.

Para Galicia, dispor dos máis de 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno Central suporía poder chegar a máis galegos dependentes que precisan algún tipo de atención. Hai que ter en conta que sen a aprobación dos Presupuestos Generales del Estado (PGE) esta situación agravarase xa que mentres o Goberno galego continuará incrementando fondos, servizos e atendidos, a Administración xeral do Estado conxelaraos.

Ademais de non achegar o financiamento axeitado, o Goberno central realiza modificacións normativas sen ter en conta o resto de administracións, que son as competentes e as que xestionan a maioría de servizos.

Así, primeiro en xullo do ano 2023 o Goberno central publicou un Real Decreto (RD 675/2023, do 18 de xullo) polo que se modifica o sistema de prestacións en dependencia, de xeito unilateral e sen contar coas Comunidades Autónomas.

E, ano e medio despois, o pasado febreiro, o ministro de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 presentou o anteproxecto de lei que reforma a Lei de Dependencia e a Lei de Discapacidade.

Ambos cambios conlevan obrigacións ao resto de Administracións sen vir acompañadas do correspondente financiamento, isto é, sen ningún tipo de axuda orzamentaria estatal.

A teleasistencia pasa a ser un dereito subxectivo, ampliáanse as contías das prestacións e

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

fanse modificacións directas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que tanto está supoñer para os concellos.

Agora, o Goberno central incrementa as intensidades do servizo ao aumentar as horas mínimas para atender a unha persoa en situación de dependencia. Amplía as accións a realizar no servizo, xa que agora tamén contempla tarefas fóra do fogar (para ir á compra, ao médico ou ao centro de día, por exemplo).

Todo isto leva consigo un encarecemento do servizo, máis necesidade de persoal e modificar os contratos actualmente en vigor que teñen os concellos coas empresas prestadoras do Servizo.

Actualmente o SAF percíbena en Galicia máis de 24.000 persoas, un servizo de competencia municipal ao que os concellos galegos destinan unha boa parte do seu orzamento, facendo un esforzo económico relevante, e ao que a Xunta de Galicia achega este ano máis de 140M€ anuais.

Incrementar deste xeito este servizo como quere impoñer o Executivo Central sen ter en conta ás Comunidades Autónomas que son as que o financian na súa maior parte, nin aos concellos que son os que o xestionan, require de máis recursos e de máis persoal. Dous requisitos indispensables ignorados polo Goberno.

É dicir, a reforma da Lei debe vir acompañada de financiamento. Un financiamento que tamén deba ter en conta as singularidades dos territorios, porque non todos son iguais. No caso concreto da nosa Comunidade, a dispersión ou o envellecemento da poboación son factores que incrementan considerablemente o custo dos servizos, e que obrigan ás administracións galegas a realizar un esforzo económico moito maior.

Non se poden impoñer máis obrigacións aos concellos sen que a reforma veña acompañada do financiamento necesario.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PP do Concello de Camariñas propón á corporación municipal adoptar o seguinte acordo,

O Pleno Municipal insta ao Goberno Central a:

- 1.** Presentar unha memoria económica concreta na que se avalíe e determine o custo da modificación da Lei de Dependencia.
- 2.** Atender as suxestións feitas pola Administración autonómica galega a este cambio normativo que considere as peculiares circunstancias da realidade social e demográfica de Galicia.
- 3.** Cumprir co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno Central sexa equitativa.
- 4.** Saldar a débeda acumulada coa nosa Comunidade en materia de dependencia, que ascende a máis de 2.500 millóns de euros, para así poder chegar máis recursos ás persoas dependentes que o requiren.
- 5.** Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030."

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

### -----INTERVENCIÓNS-----

Sr Caamaño a competencia non é do Concello é da Xunta que ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais é o que marca o Estatuto de Autonomía. É fundamental recordar que, segundo os datos da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), do custo estipulado de 20 euros por hora do SAF, unicamente 5 euros son achegados pola Xunta de Galicia, mentres que 7 euros correspóndenlle ao Estado e o resto, a parte máis significativa, recae sobre os concellos e os propios usuarios. Esta desproporción evidencia a insuficiencia do financiamento autonómico e o sobreesforzo que deben realizar as entidades locais para manter un servizo de primeira necesidade. Grupo Municipal Socialista de Camariñas considera urxente que a Xunta de Galicia asuma plenamente as súas responsabilidades no sistema de servizos sociais e de dependencia, garantindo un financiamento xusto e un marco de colaboración efectivo coas entidades locais. Di que apoia a moción si se incorporan os seguintes puntos:

1. Desenvolver na súa totalidade a Lei de Servizos Sociais de Galicia (Lei 13/2008), poñendo en marcha de forma urxente o Plan Estratéxico de Servizos Sociais, tal e como se recolle no seu artigo 45. Este plan debe formularse en función das necesidades sociais actuais da cidadanía galega e garantir a participación activa das entidades locais, abrindo así a porta a un traballo de coordinación efectivo cos concellos e a unha planificación consecuenta co modelo de poboación e territorio.

2. Incrementar substancialmente a súa achega económica ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), buscando unha distribución máis equitativa dos custos que alivie a considerable carga financeira que actualmente recae sobre os concellos e os propios usuarios, e garantindo a calidade e a cobertura do servizo en todo o territorio.

3. Facilitar a implementación efectiva do mecanismo de transferencia de capital corrente para o financiamento de inversións de capital de titularidade municipal en centros de servizos sociais (centros sociais polivalentes, centros de día, centros de acollida de persoas sen fogar, albergues de transeúntes, etc.), tal e como se contempla no Decreto 99/2012, unha vez aprobado o mapa galego de Servizos Sociais e o Plan Estratéxico de Servizos Sociais.

4. Establecer unha coordinación real e efectiva coas corporacións locais para a xestión dos servizos de dependencia, evitando modificacións normativas unilaterais que non veñan acompañadas do correspondente financiamento e que xeren un encarecemento dos servizos e unha maior necesidade desen os recursos necesarios.

Sr Rodríguez di que vai votar a favor e si se somete a emenda tamén, eu Secretaria digo que as mocións non admiten emendas.

Sra Mouzo di que con todo o que leu o Sr Caamaño pode facer outra moción e que se vote esta tal como está e si queredes presentade outra.

Sra alcaldesa: Votamos a favor porque queremos que o 100% do Saf o financie a xunta e o estado e que o prezo por hora se aplique dende o 1.01.2025, mentras tanto centos de persoas seguen esperando unha solución para seguir vivindo onde queren nas súas casas co apoio correspondente.

### -----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación a **MOCIÓN** co seguinte resultado:

Votacións:

**Votos a favor: 11**

1 GRUPO MIXTO - BNG

7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA  
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0  
0 GRUPO MIXTO - BNG  
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA  
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: unanimidade.**  
**Estado da MOCIÓN: Aprobada.**

**c) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS ANTE A FALTA DE RESPOSTA DA XUNTA DE GALICIA SOBRE O ESTADO DA AC-432 E O AGRAVAMENTO DAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA DA CORUÑA**

**Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidades dos membro presentes na sesión plenaria (11)**

Sr Caamaño procede a lectura da Moción:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS ANTE A FALTA DE RESPOSTA DA XUNTA DE GALICIA SOBRE O ESTADO DA AC-432 E O AGRAVAMENTO DAS BEIRARRÚAS DA AVENIDA DA CORUÑA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Camariñas somete á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O pasado 26 de marzo de 2025, este Grupo Municipal presentou unha moción ante o Pleno do Concello de Camariñas na que se instaba á Xunta de Galicia a acometer, con carácter de urxencia, a reparación integral da estrada AC-432, incluíndo a elaboración dun plan de actuación detallado e a asignación dos recursos orzamentarios necesarios. Esta moción foi debidamente trasladada á Xunta de Galicia.

Transcorridos dous meses dende a presentación e aprobación da devandita moción, non recibimos ningunha resposta por parte da Xunta de Galicia. Esta falta de comunicación e acción é inaceptable, máxime cando a situación da AC-432, lonxe de mellorar, deteriórase progresivamente.

A día de hoxe, o firme da estrada segue a presentar fochancas, gretas e afundimentos que comprometen gravemente a seguridade viaria. As reparacións parciais e insuficientes que se teñen realizado non atallan o problema de raíz, deixando tramos completos en estado lamentable, como xa indicamos nos núcleos de Xaviña e Dor, na rúa Curros en Ponte do Porto, e con arcéns sen pavimentar que supoñen un perigo constante para peóns, ciclistas e condutores de vehículos de menor tamaño.

Unha das situacións máis preocupantes, e que se agrava coa proximidade da tempada estival, é o estado das beirarrúas da Avenida da Coruña. Estas presentan un grave e crecente deterioro, con fendas, roturas e zonas que carecen por completo de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida. Co inicio do verán, agardamos un aumento significativo de veciñanza e visitantes que, inevitablemente, farán uso destas beirarrúas. A situación actual non só resulta incómoda, senón que representa un risco evidente para a seguridade de todas as persoas, en especial para os nosos maiores e nenos, quen son os usuarios máis vulnerables.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

O mantemento e a seguridade da AC-432 son competencia directa da Xunta de Galicia. É imperativo que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e actúe de forma inmediata, antes de que a situación se volva crítica e poida derivar en accidentes ou incidentes graves.

PARTE DISPOSITIVA:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello:

1. Instar a Xunta de Galicia a que presente unha contestación formal á moción presentada por este Concello o 26 de marzo de 2025, relativa ao estado da AC- 432.
2. Reiterar a urxencia de que a Xunta de Galicia acometa a reparación integral e definitiva da estrada AC-432, garantindo a seguridade viaria e a comodidade dos seus usuarios en todos os seus tramos, incluíndo os núcleos de Xaviña, Dor e a rúa Curros en Ponte do Porto.
3. Instar á Xunta de Galicia a priorizar a reparación e adecuación das beirarrúasda Avenida da Coruña, na AC-432, dotándoas das condicións de accesibilidade e seguridade adecuadas para a cidadanía, e cunha especial atención ante a inminente chegada da tempada estival e o conseqüente aumento de usuarios.
4. Esixir á Xunta de Galicia a asignación dos recursos orzamentarios necesarios para a execución destas obras, incluíndo un plan de mantemento preventivo que evite futuros deterioros.
5. Dar traslado desta moción á Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e Axencia Galega de Infraestruturas - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS), ao Concello de Vimianzo e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.”

### -----INTERVENCIONS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa trouxeron varias veces, non queremos gastar os cartos, consideramos que por exemplo as aceras da conservera están nun estado lamentable e é unha zona de estradas da Xunta de Galicia, creo que é a segunda vez que traemos.

Sr Mouzo di que a anterior foi no pleno anterior, xa comentamos que se acababa de licitar en decembro fixose unha actuación en varios puntos de 3.000.000 euros agora está en trámite a licitación.

Sra alcaldesa di que é curioso que as dúas alcaldesas de Vimianzo e Camariñas nos poñemos en contacto co xefe de AXI e non ten coñecemento.

Sra Mouzo di que de feito calculan empezar a executar en xullo o compromiso é seguir facendo melloras é o que me están transmitindo, 2.972.000 euros varias carreteras pero o principal está o longo da AC 432. Por outro lado sabes quen fixo as aceras?, o 15.03.1984 o Pleno adxudicou a JM Santos Rodríguez por dous millón.

Sr Rodríguez di que inda non estaba cedida a competencia á Xunta

Sra alcaldesa di que moción vai dirixida a Xunta e o normal é que conteste, mire alcaldesa é competencia do concello,

Sra Mouzo di que as obras executadas por un municipio mantenas ese municipio, respecto a que a Xunta debe contestar che si eu cada cousa que che pido cada dous meses tería que mandarche recordatorio

Sra alcaldesa di que neste caso manda o Pleno eu quero saber de quen é competente, non quero gastar os cartos e logo que me digan que é competencia da Xunta, uns por outros a casa sen barrer.

Sr Rodríguez di que si non contestan haberá que denunciar porque é unha deixadez de funcións.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

### -----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación a MOCIÓN co seguinte resultado:

Votacións:

**Votos a favor: 8**

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Abstencións: 3**

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: maioría absoluta.**

**Estado da Moción: Aprobada.**

**d) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CAMARIÑAS SOBRE A MELLORA E O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS E DE DEPENDENCIA POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA**

Sr Caamaño di que pide desculpas porque vai presentar unha moción respecto a mellora e o financiamento dos servizos sociais e de dependencia pola Xunta de Galicia.

Sra Mouzo di que paréceme ben pero para o próximo pleno.

Sra alcaldesa di que terá que dicir a secretaría o que contesto que por suposto se pode presentar a moción.

Sra Mouzo di que está dando a súa miña opinión pero facede o que queirades porque tedes maioría absoluta

Sra alcaldesa di que non é iso, pódese presentar agora ou non?

Sra Mouzo di que falamos noutras ocasión que o adecuado é presentar as mocións con antelación para ler tranquilamente a que se presenta no momento xa teño dito que non a vou votar

Sra alcaldesa di que é unha moción que é o mesmo asunto que outra presentada.

**Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por 8 votos a favor (PSOE E BNG) e 3 votos en contra (PP)**

O Sr Caamaño procede a lectura da moción:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CAMARIÑAS SOBRE A MELLORA E O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS E DE DEPENDENCIA POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA  
Exposición de Motivos

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

2025/G010/000007

A atención ás persoas en situación de dependencia e a garantía dun sistema de servizos sociais robusto son piares fundamentais do Estado de Benestar. A Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, supuxo un avance histórico na equiparación de dereitos para a nosa cidadanía. Non obstante, o seu correcto desenvolvemento e financiamento requiren do compromiso e a corresponsabilidade de todas as administracións implicadas: a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

En Galicia, a situación demográfica caracterizada por unha elevada dispersión poboacional e un envellecemento progresivo, supón un reto engadido na prestación dos servizos de atención á dependencia. Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, son a miúdo os que asumen gran parte do peso da xestión e do financiamento de servizos esenciais como o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

É fundamental recordar que, segundo os datos da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), do custo estipulado de 20 euros por hora do SAF, unicamente 5 euros son achegados pola Xunta de Galicia, mentres que 7 euros correspóndenlle ao Estado e o resto, a parte máis significativa, recae sobre os concellos e os propios usuarios. Esta desproporción evidencia a insuficiencia do financiamento autonómico e o sobreesforzo que deben realizar as entidades locais para manter un servizo de primeira necesidade.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 45 a necesidade de desenvolver un Plan Estratéxico de Servizos Sociais que formule as necesidades sociais presentes da cidadanía galega e garanta a participación das entidades locais. A pesar de ter sido aprobada hai máis dunha década, este Plan Estratéxico segue sen ser unha realidade plenamente desenvolvida, o que dificulta unha planificación integral e unha coordinación efectiva cos concellos, impedindo así unha xestión consecuenta co noso modelo de poboación e territorio.

Así mesmo, a falta de implementación efectiva do mecanismo de transferencia de capital corrente para o financiamento de inversións de titularidade municipal en centros de servizos sociais, previsto no Decreto 99/2012, supón unha traba para a mellora e creación de infraestruturas tan necesarias como centros sociais polivalentes, centros de día ou centros de acollida.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Camariñas considera urxente que a Xunta de Galicia asuma plenamente as súas responsabilidades no sistema de colaboración efectivo coas entidades locais.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista de Camariñas propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

Acordo

O Pleno Municipal do Concello de Camariñas acorda instar á Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver na súa totalidade a Lei de Servizos Sociais de Galicia (Lei 13/2008), poñendo en marcha de forma urxente o Plan Estratéxico de Servizos Sociais, tal e como se recolle no seu artigo 45. Este plan debe

formularse en función das necesidades sociais actuais da cidadanía galega e garantir a participación activa das entidades locais, abrindo así a porta a un traballo de coordinación efectivo cos concellos e a unha planificación consecuenta co modelo de poboación e territorio.

2. Incrementar substancialmente a súa achega económica ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), buscando unha distribución máis equitativa dos custos que alivie a considerable carga financeira que actualmente recae sobre os concellos e os propios usuarios, e garantindo a calidade e a cobertura do servizo en todo o territorio.

3. Facilitar a implementación efectiva do mecanismo de transferencia de capital corrente para o financiamento de inversións de capital de titularidade municipal en centros de servizos sociais (centros sociais polivalentes, centros de día, centros de acollida de

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

persoas sen fogar, albergues de transeúntes, etc.), tal e como se contempla no Decreto 99/2012, unha vez aprobado o mapa galego de Servizos Sociais e o Plan Estratéxico de Servizos Sociais.

4. Establecer unha coordinación real e efectiva coas corporacións locais para a xestión dos servizos de dependencia, evitando modificacións normativas unilaterais que non veñan acompañadas do correspondente financiamento e que xeren un encarecemento dos servizos e unha maior necesidade de persoal sen os recursos necesarios.

5. Dar traslado deste acordo ao Consello da Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social e Xuventude.

### -----INTERVENCIÓNS-----

Sr Rodríguez di que se suma a frase da Sra alcaldesa: “Votamos a favor porque queremos que o 100% do SAF o financie a xunta e o estado e que o prezo por hora se aplique dende o 1.01.2025, mentras tanto centos de persoas seguen esperando unha solución para seguir vivindo onde queren nas súas casas co apoio correspondente”.

### -----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación a MOCIÓN co seguinte resultado:

Votacións:

**Votos a favor: 8**

1 GRUPO MIXTO - BNG

7 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**\*Grupo municipal PP non procede a votar, en aplicación analóxica do artigo 100.1 do ROF, compútase/equipárase como/á ABSTENCIÓN.**

**Abstencións: 3**

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**Resultado: maioría absoluta.**

**Estado da Moción: Aprobada.”**

## 15º. Rogos e preguntas.

### ROGOS

Sra Mouzo:

Dadas as continuas advertencias da interventora rogo que se liciten os servizos que faltan e tamén rogo que nos explique cales son os que ten previsto licitar este ano.

Que se teña en conta o mal estado da estrada que comunica Arou con Camelle

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

Tamén pedimos que sexa prioritario realizar as melloras da avenida Juan Carlos I e pista Mouriño.

En Reira hai paneis informativos de madeira que están completamente destrozados xa lle falta o cadro de información.

Respecto os baños que se instalaron nas praias en Xaviña pediría que se puxera un cartel cos horarios e que se abriaran porque pechados non se poden usar, cando tendes previsto?

Unha rampa de acceso para minusválidos, o de Camelle non o de Lingunde ten escalón Ligunde a praia está sen limpar hai moitas queixas porque hai moita area acumulada nas zonas dos bancos e a ducha está media enterrada.

En area da Vila faltan moitos bancos e os poucos que hai están bastante mal así que rogaría que se puxeran os bancos

Sra alcaldesa que eu saiba están dous novos de esta noite romperon dous

Sra Mouzo: Dende o rio ata area da vila non sei si hai dous ou tres nada mais

Sra alcaldesa: O mellor non vamos poñer tantos bancos, que estean ben os que hai porque todos os que se pon rompen.

Sra Mouzo: Temos queixas tamén sobre a recollida de cartóns e plásticos, comentáronme varias persoas que están facendo unha recollida conxunta, entón rogaría que lle pediras a empresa que recollan por separado, recollen cartón e plástico no mesmo camiión.

Sr Rodríguez:

Di que ten dous rogos, un que os hostaleiros teñen dificultades para botar o lixo nos contedores amarelos, por si se pode poñer un sistema como un candado cunha chave xenérica para abrir a tapa e botar o lixo

Sra alcaldesa: tamén me trasladou a min quen cho dixo e non acabo entender porque están así en todas as partes do mundo, ofrecínlle un para ela e non quixo, pero si hai que facer eso teño que facer a todos os hostaleiros e a fachada marítima enteira. Ese sistema será para algo, para que non tiren cousas nel que xa sabemos como pode pasar.

Sr Rodríguez: algúns pode abrirse a tapa aquí non.

Sr Caamaño: Cando se ideou este sistema era porque os que levaban tapa empezábase a meter vasoira que non tiña nada que ver cos embases lixeiros e chegaba a zona de xestión, son impropios e sancionaban os concellos, o concello de Camariñas nunca o sancionaron porque nunca tivo impropios nin no cartón nin en embases lixeiros de todas maneiras podemos falar con Ecoembes.

Sr Rodríguez: que se faga a cuberta do parque da escola infantil de Camelle que se pode usar a partida de rehabilitación da lonxa, ata que se faga será un rogo perpetuo.

### PREGUNTAS

Sra Mouzo: cónstame que vos pediron badens no cruce Ligunde tedes previsto poñelos?

Sra alcaldesa: cando puxen na pista Mouriño a primeira persoa que criticou foi o PP de Camariñas

Sra Mouzo: e sigo protestando, digo que vos pediron si tendes previsto poñelos e a seguinte pregunta de que altura

Sra alcaldesa: Agora mesmo non teño previsto porque xa hai un na pista a Ligunde,

Sra Mouzo: Ese foi para tapar un tubo non?

Sra alcaldesa: Non sei, non teño previsto.

Sra Mouzo: sigo estando en desacordo cos badéns da pista porque comparas eses cos da calle nova que vai po Pión a altura é o dobre e pegan un zapatazo o coches e nas cervicais por eso hai tanta xente en contra, non dos badens senón deses porque son moi altos e moi molestos, tamén se queixa que fai moito ruído o coche cando pega ese zapatazo.

Sra Mouzo: pedironvos liñas amarillas na recta esa de Lingunde?

Sra alcaldesa: Non recordo que mo pediran

Sra Mouzo: Tendes previsto seguir indicacións da intervención e licitar algún servicios este ano 2025?

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

Sr Caamaño: Estamos licitando, temos 56 expedientes contratación e non damos feito imos seguir licitando o que me dea vida.

Sra Mouzo: É posible que me deas unha lista para o próximo pleno?

Sr Caamaño: pídelo en secretaria e xa che darán o listado

Sra Mouzo pregunta cando se van abrir os baños.

Sr Caamaño: O ano pasado saíu o prego na plataforma de contratos do estado, cun horario que esta no prego que é a tempada estival empeza o 15 de xuño.

Sra mouzo non é tan complicado abrir antes os baños

Sr Caamaño eso é un rogo porque hai un contrato e temos que cumprilo.

Sra Mouzo: recentemente houbo unha xuntanza coa nova xerente de Cedeimar, cales son as vías de colaboración existentes na actualidade e cales son as novas vías que se pretenden entre o concello e a empresa?

Sra alcaldesa di que a reunión ca nova xerente que me pediu ela dúas veces, a través de varias persoas e despois por escrito, recibina no concello no salón de plenos e díxome que teríamos mais reunións que ía visitar Camariñas unha vez o mes a próxima vai ser a semana do 4 de xuño pedime unha reunión con Valentin Gonzalez Formoso e Alfonso Rueda, a Valentín xa llo trasladei a Alfonso Rueda teño que mandarlle por escrito e foi o único que falamos nesa reunión, neste momento o Club balonmán non está en activo polo tanto ela desconocía moitos patrocinios que houbo enseñeille o mar na escola o club balomán varias colaboracións coa mostra do encaixa onde non daba latas para regalar a xente que viña de palilleiras, ela díxome poco a poco acabamos de gastar un montón de diñeiro na fábrica y trabajaremos en conjunto.

Sr Rodríguez no anterior pleno comentárase que se ía empezar coas melloras de seguridade da DP160102 o parecer solo cortaron a herba pero sabemos cando empezan

Sra. alcaldesa eu non son tan segura como Paula, cando licite deputación e adxudique, sei que reservado está un montón de cartos pero cando liciten

Sr Rodríguez pregunta porqué volvemos a ter problemas coa praia de Camelle outra vez, non sae nos listados de apta

Sra alcaldesa primeiro e aproveito para dicir e que conste en acta, que todas as praias do concello teñen calidade excelente por primeira vez area da vila ten calidade excelente as suas praias pasou o problema de Camelle esto é que tantas que hai de salientar o bo, area da vila levaba anos sin estar no censo e por primeira vez está no censo de praias de calidade excelente.

Sr Caamaño di que a calidade da auga da praia de Camelle experimentou unha mellora significativa. Aínda que nos anos 2022 e 2023 a clasificación sanitaria foi insuficiente segundo o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia, o Concello de Camariñas tomou medidas para abordar as causas desta situación. Os problemas detectados nesas datas foron puntuais e debéronse a: 01/08/2022: Un fallo no alternador do bombeo do peirao de Camelle, que provocou que as bombas non funcionasen e o bombeo aliviase. O problema foi solucionado o mesmo día o 28/08/2022: Un atasco importante na rede de saneamento que causou alivios nos aliviadoiros da rede. Unha empresa de desatascos solucionou a incidencia pola tarde, o 21/05/2023: Un enganche fraudulento por parte duns feirantes que fixo saltar o diferencial do bombeo, deixándoo parado. Este incidente tivo lugar antes da instalación dun sistema de alarmas remotas no bombeo. Desde entón, non se rexistraron análíticas con malos resultados, o que indica unha clara melloría na calidade da auga grazas ás intervencións realizadas. A praia de Camelle foi eliminada do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia e, polo tanto, da sección II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia en xuño de 2024. Isto debeuse a que, tras dous anos consecutivos (2022 e 2023) con clasificación sanitaria insuficiente, considerouse rematado o período para avaliar a súa posible inclusión no Censo de Zonas de Augas de Baño. A súa baixa implica que a praia se atopa actualmente na sección III do rexistro, o que significa que non se realiza vixilancia sanitaria dela nas próximas tempadas de baño e que se deben colocar carteis indicando a prohibición permanente do baño. O Concello de Camariñas está a traballar activamente para que a

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2025/G010/000007

praia de Camelle volva a ser incluída no censo de zonas de baño de Galicia. As medidas adoptadas e as accións futuras inclúen: Identificación e solución dos problemas: Tal e como se detallou, os problemas puntuais que causaron a contaminación foron identificados e solucionados polo encargado do servizo de saneamento, Intervencións nos bombeos: Realizáronse unha serie de intervencións nos bombeos para previr futuros vertidos. Aínda que os enganches fraudulentos poden seguir sendo unha preocupación, o encargado de alcantarillado estará atento a eles durante os días de festa, Monitorización continua: O Concello non dispón de analíticas con malos resultados desde as intervencións, o que reforza a idea de que as medidas tomadas son efectivas, Solicitud de reincorporación: O Concello de Camariñas encargou unha nova analítica da praia para coñecer o seu estado actual antes do comezo da tempada estival e, sobre todo, despois do dragado que fixo Portos de Galicia. Unha vez se reciban estes resultados, remitiranse á Consellería de Sanidade xunto cun novo informe do encargado de alcantarillado no que se detallan as actuacións realizadas e a mellora da situación. O obxectivo é solicitar formalmente a reincorporación da praia de Camelle no censo de zonas de baño de Galicia. O Concello de Camariñas está comprometido coa recuperación da calidade da auga na praia de Camelle e a súa reincorporación ao programa de vixilancia sanitaria, garantindo así a seguridade e o goce dos bañistas.

Sr Rodríguez di que hai xente preguntando polos novos contadores da auga porque nalgúns concellos son dixitais, vanse cambiar?

Sr Caamaño di que no Regulamento é a custe do propietario e non regula que sexan dixitais

Sr Rodríguez: que pasa coas redes de fibra, sei que non é competencia vosa pero o Concello presentou algunha queixa formal contra R, Movistar.

Sra alcaldesa di que formalmente contra R, o que si estou tamén mirando de o mellor mandarlle unha carta o Valedor do Pobo e decir que as compañías telefónicas non poden facer o que queren e chamalos para pintar unha fachada non se contacta con ninguén e que se regule un pouco esto.

Sr Rodríguez pregunta polo servizo da policía local.

Sra alcaldesa contesta que imos contratar dous auxiliares do 15.06 o 15.09, en canto a praza da oferta emprego está en proceso de selección na Academia do segundo policía local.

Sr Rodríguez en relación o mercadillo pagamos a taxa a portos si mirastes de poñer no Campo do Santo.

Sra alcaldesa di que acaba de incorporarse o policía local, ten moito pendente,

Sr Rodríguez di que o outro día houbo un acto das letras galegas porque non se convida os da oposición?

Sra Liñeiro di que se pon no facebook.

Sra Mouzo di que temos que saber cando e onde.

Sra alcaldesa di: e logo as redes sociais no século XXI, hai un facebook do Concello de Camariñas que sodes concelleiros dese facebook que é voso, non é meu solo, e nese facebook non se escapa unha mosca de todo canto se fai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 20:45 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certificado.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria acumulada do Concello Rocío Hermida Cancela, co visto e prace da Alcaldesa Sandra Insua Rial

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)